



Tribuna pública: Estrés por calor
Asembleas de Feiraco
Risco de supertaxa láctea

Gamas Altas Prestaciones MICHELIN
**DISFRUTA AL VOLANTE
CON LA MÁXIMA
PRECISIÓN**



MICHELIN

La mejor forma de avanzar

CONSELLO REITOR

PRESIDENTE

D. José Severino Montes Pérez

VICEPRESIDENTA

D^a Carmen Rodríguez Rodríguez
(Repres. de Ganadería A Barra, S.C.)

SECRETARIO

D. Manuel Cantorna Barbeira
(Repr. Granxa A Costa)

TESOUREIRO

D. Javier Pérez Romero

VOGAIS

D. Juan José Vázquez Blanco
(Repr. Pesadoira SAT N^o 1242 XUGA)
D. Sergio Busto Beade
(Repr. Yudes M. Beade Nieto, S.C.)

D^a Beatriz Míguez del Río
(Repr. As Laxes, S.C.)

D^a Dorinda Pérez Recarey
(Repres. de Caseiro, S.C.)

D. Jesús M.^a Pena Becerra
(Repr. Mónica Landeira Noya y otro,
S.C.)

D. Antonio Caamaño Cambeiro
(Repr. Ganadería Carreira, S.C.)

D. Javier Valledor Puente
(Repres. de traballadores)

COMITÉ DE RECURSOS

D. Mariano Pazos Currais
D. Amador Viqueira Noya
D. Manuel García Moar

DIRECTOR DE EDICIÓN

D. José S. Montes Pérez

TIRAXE

3.800 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Atelier Gráfica Visual S.L.
Marqués de Figueroa, 4 baixo
15007 A Coruña
(34) 881 896 542
editorial@ateliergrafic.com
www.ateliergrafic.com

IMPRIME

Tórculo Artes Gráficas S.A.

DEPÓSITO LEGAL

C -370 -1994

SUMARIO

04 **Presentación**
JOSÉ S. MONTES PÉREZ. PRESIDENTE

08 **Tribuna pública**
ESTRÉS POR CALOR

16 **Xunta Xeral**

17 **Asemblea da Cooperativa**
47^a ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

18 **Asemblea**
XANTAR DE CONFRATERNIDADE

20 **Noticias**

28 **Sector lácteo**
#DEONDEVOLEITE?

30 **Xornada**
O FUTURO DO VACÚN DE LEITE



Feiraco intégrase co folclore e a maneira de ser dos galegos (Contraportada)

DELEG. COMERCIAIS

A Coruña 981 673 185
Lugo 982 857 855
Asturias 985 277 911
Zaragoza 976 337 714
Madrid 916 934 700
Cartaxena 968 511 428
Valencia 961 588 477
Andalucía 954 253 515
Extremadura 924 257 006
Ourense 988 515 411
Pontevedra 986 771 166
Salamanca 923 242 091
Valladolid 983 394 655
León 987 208 512
País Vasco 630 035 503
Barcelona 932 384 277
Palma 971 605 454
As Palmas 928 130 320
Tenerife 922 226 042

FÁBRICA E OFICINAS

Ponte Maceira
Agrón - Ames - A Coruña
Apartado 19
15830 Negreira - A Coruña
Teléfono 981 885 125
Fax 981 885 702
Centraliña 981 818 340
Pedidos de pensos 981 818 341
Pedidos de fertilizantes
e sementes 981 818 342
Atención veterinaria 981 818 343
Dpto. Comercial 981 818 344
Distribución de
gasóleos e repostos 981 818 345
Asesoría fiscal 981 818 346
Inspección e recollida 981 818 347
Servizos de Seguros 981 818 248

AXENCIAS

Ordes- Merelle 981 681 078
A Picota 981 852 000
Santa Comba 981 880 406



José S.

Montes Pérez

Presidente de FEIRACO

En tempos de cambio e sen cotas lácteas, Feiraco sitúase ante o 2015 cunha posición favorable para asumir un cambio de velocidade nunha etapa de relativo optimismo, dentro dun novo escenario lácteo, despois de ter cumprido un Plan de Viabilidade que nos obrigou a un esforzo económico extraordinario desde 2005.

A nosa particular "Estratexia 20-20", da que tanto se vén falando, pasa pola integración activa dos socios para duplicar nos seguintes 6 anos a súa facturación, a partir, probablemente, dun novo Plan Estratéxico, así como pola intercooperación con outros grupos nacionais de signo cooperativo.

Se en 2013 acadamos un crecemento dun 11% e a tendencia de 2014 vai polo 14, cremos que esta-

mos no camiño de comezar a soñar cunha nova etapa. Hai dúas claves que debemos coidar :

- A fidelización (compromiso) dos socios produtores dentro da cooperativa a través da confianza plena na súa planificación e na súa estratexia,
- Avanzar en modelos de integración, tanto entre os propios socios como con outras cooperativas.

O potencial lácteo de Galicia e a nosa condición de Cooperativa sitúanos nunha posición privilexiada para liderar un sector, aínda moi atomizado, pero con apoios novidosos que nacen dunha Lei de Integración Cooperativa e outra que busca un maior equilibrio dentro da cadea alimentaria, así como unha maior eficiencia e estabilidade da man do Paquete Lácteo, sobre

Unha asemblea para o cambio

todo no que fai referencia ao cumprimento dos contratos lácteos e a Organización de Produtores Lácteos. E mesmo o proxecto, en proceso, da Xunta de Galicia de promover a Marca Cooperativa en base á calidade e trazabilidade dos nosos produtos.

Feiraco está tendo un papel de liderado natural de seu e -ao mesmo tempo- consolidado polo apoio institucional da Xunta de Galicia que ve con bos ollos todos os proxectos posibles nos que participamos dentro do sector lácteo galego, como foron:

- ACOLACT (CLESA) con outras 10 cooperativas;
- FEINAR (Feiraco, Innolat e Arquega) dentro da transformación do leite en queixo fresco en cooperación con INNOLAT;
- Proxectos de I+D con outras cooperativas galegas ou outras empresas do sector;
- Presidencia da maior correduría de seguros de modelo cooperativo (UCOGA) con outras 8 cooperativas, xa máis alá da fronteira autonómica;
- Presidir a Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (AGACA);
- Estar na Presidencia do Cluster Alimentario de Galicia (CLUSAGA)

A nivel nacional fomos distinguidos co aprecio e consideración do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación; nestes últimos anos presidimos

a Interprofesional Láctea (INLAC); formamos parte do equipo de Presidencia de Cooperativas Agroalimentarias de España; participamos de pleno dereito na Axencia de Información e Control Alimentario (AICA); e fomos propostos para formar parte do Padroado do Centro Tecnolóxico Alimentario (CETAL); etc.

No ámbito da CE, participamos en representación do COIECA, en Bruxelas, no Observatorio do Mercado Europeo do Leite (OMEL) que celebrou a súa primeira xuntanza o pasado 27 de maio.

Con todo isto por diante, coido que podemos seguir soñando con outra realidade na que se sinta motivada a autoestima dos nosos gandeiros e da nosa xente do rural, conscientes de que non só somos necesarios, somos imprescindibles para soste unha maior demanda de alimentos nos próximos anos con produtos sans.

Debemos mellorar en profesionalidade para sermos máis eficientes e competitivos, por iso a formación debe seguir sendo unha prioridade dentro da Cooperativa.

Debemos dar a oportunidade de integrarse e participarásnosasmulleresque, tradicionalmente, foron o motor das nosas familias e da economía rural. Debemos motivar a participación dos mozos e mozas, e promover ou favorecer o desenvolvemento dos seus proxectos.

Temos que ter moitas máis explotacións como os modelos que se foron formando baixo o paraguas da Cooperativa en Mazaricos, Val do Dubra,

Touro, etc. Se eles foron capaces de facelo tan ben e de crear modelos substentables, viables e con futuro, por que os demais non.

Feiraco promoverá tantos servizos como demanden os socios, pero, preferentemente, no ámbito da integración. Hai explotacións pequenas, ben xestionadas, moi rendibles, pero ninguén dubida que, en circunstancias normais, o serían máis se tivesen maior dimensión. O volume, ademais, é imprescindible para poder ter peso nos mercados, cada día máis esixentes, e para defendernos das multinacionais que queren impoñer os seus ritmos e limitarnos dentro dos seus intereses capitalistas ou que nada teñen que ver cunha economía social máis humana e igualitaria, que propugna o cooperativismo.

Se todo o mundo fala ben e idealiza o modelo cooperativo para os novos tempos do rural, non imos ser nós os que non creamos nel.

Despois de superada a Asemblea 2014, na que se deu conta duns resultados históricos dentro da Cooperativa e se aprobaron os puntos da orde do día por unanimidade, quedounos un desacougo por non ter unha presenza moito maior de socios.

O Día da Asemblea é o gran día da Cooperativa, non só polo xantar de confraternidade, senón máis ben polo acto asembleario en si mesmo: as contas, a memoria, os orzamentos, as proxeccións, os informes, as propostas para renovacións de cargos dentro do Consello Reitor, etc., ademais da posibilidade que se nos ofrece para participar activamente.

Neste senso temos que mellorar. Temos que participar e dar a sensación de que a Cooperativa é de todos, é a nosa casa, é o noso proxecto común, é o noso soño...

Desde o Consello Reitor temos que agradecer moito a presenza dos que participastes na Asem-

blea, pero tamén urxir a dos que non estivestes. Non acae que no xantar superásemos moito a cifra dos 1.000 socios e eses mesmos non asistiran un pouco antes ao acto solemne.



Quedan moitas cousas por facer, pero parécenos que é necesario intensificar a participación activa e mellorar o noso compromiso coa Cooperativa. Para querer a Cooperativa hai que coñecela ben. Trataremos de mellorar en información e formación, ata onde sexa posible, pero se non nos decides onde se falla podemos persistir no erro; se non se demandan servizos ou non se coopera coa súa valoración, avanzaremos menos ou máis lentos nun mundo moi competitivo que vai de présa.

Ao mesmo tempo tamén vos pedimos que vos manteñades en contacto cos nosos técnicos e sigades os seus consellos ou orientacións para mellorar a rendibilidade das explotacións e que confíedes na Cooperativa, que só ten como razón de ser o benestar dos socios.

Invitámosvos, unha vez máis, a manternos unidos e a participar dos servizos e actividades da Cooperativa. Desde a Dirección e o Consello levaremos bo coidado de non defraudaros.

Estoy más que seguro... ¡Estoy agroseguro!

Las enfermedades, los accidentes... son muchos los riesgos a los que está expuesta una explotación ganadera. Riesgos que pueden arruinar tu negocio de la noche a la mañana. Por eso cuando me preguntan si estoy seguro, yo siempre respondo... ¡Estoy AGROSEGURO!

agroseguro 

El seguro de los que están más seguros

**Posibilidad
de fraccionar
la prima del seguro
en tres pagos**

**Incluye como garantía adicional
el saneamiento ganadero**

Consulte con su mediador de seguros

Estrés por calor




Introdución

Nos meses máis calurosos do ano, os rendementos productivo e reprodutivo do gando leiteiro diminúen en gran medida cando se someten a condicións de temperatura e humidade relativa elevadas. Estes factores ambientais, xunto co calor metabólico do animal, reducen a súa capacidade para eliminar a calor corporal dando lugar ao que coñecemos como **estrés por calor**. Poderíase definir como aquel estado no que a vaca non é capaz de disipar unha cantidade axeitada de calor corporal para manter o equilibrio térmico corporal.

A vaca debe depender da evaporación, principalmente a través do bafexo, para manter a temperatura corporal; polo contrario, o bafexo aumenta os requirimentos enerxéticos de mantemento.

Canto maior é o nivel de produción, máis sensible é o animal ao estrés térmico e, polo tanto, ás consecuencias no rendimento cando as condicións son adversas. As vacas de alta produción ao comer máis producen máis calor metabólico e, polo tanto, padecen antes o estrés térmico que as de baixa produción ou as vacas secas.




CONFORT TÉRMICO-ÍNDICE TERMO-HIGROMÉTRICO: ITH

Hai rangos de tolerancia fronte á temperatura ambiental, que chamamos benestar térmico para os animais. As mellores condicións para criar animais estarían en xeral en torno aos 13-18 °C de temperatura e 60 a 70% de humidade relativa.

“

O estrés calórico tradúcese nunha diminución na produción leiteira

Na zona de confort térmico o animal pode manter a súa temperatura corporal sen necesidade de recurrir a mecanismos fisiolóxicos compensatorios.



Consecuencias

O efecto de temperatura/humidade relativa do aire: estrés térmico é capaz de desenvolver trastornos na vaca a distintos niveis:

- Produtivo
- Reprodutivo
- Inmunitario

1. Producción

O estrés calórico tradúcese nunha diminución na produción leiteira. A produción diminúe dunha forma practicamente lineal co aumento da temperatura. As necesidades enerxéticas son moito máis altas en vacas expostas ao estrés pola calor, asociado ao aumento do ritmo respiratorio (ba-fexo).

O motivo primordial é a redución do consumo de **materia seca**. Trátase dunha adaptación do animal dirixido a diminuír a calor xerada nos procesos metabólicos de fermentación ruminal (sería como tentar comer menos para non producir máis calor con ese exceso de comida). Algúns autores apuntan que a diminución da produción por baixo consumo de materia seca soamente explicaría un 40-50% desa baixada.


“

Canto maior é o nivel de produción, máis sensible é o animal ao estrés térmico e, polo tanto, ás consecuencias no rendemento, cando as condicións son adversas

		HUMEDAD RELATIVA (%)																									
		0	5	10	15	20	25	30	35	40	45	50	55	60	65	70	75	80	85	90	95	100					
TEMPERATURA	22.0																					72	72				
	23.0																						72	72	73	73	
	23.5																							72	72	73	74
	24.0																							72	72	73	74
	24.5																							72	72	73	74
	25.0																							72	72	73	74
	25.5																							72	72	73	74
	26.0																							72	72	73	74
	26.5																							72	72	73	74
	27.0																							72	72	73	74
	28.0																							72	72	73	74
	28.5																							72	72	73	74
	29.0																							72	72	73	74
	29.5																							72	72	73	74
	30.0																							72	72	73	74
	30.5																							72	72	73	74
31.0																							72	72	73	74	
31.5																							72	72	73	74	
32.0																							72	72	73	74	
33.0																							72	72	73	74	
33.5																							72	72	73	74	
34.0																							72	72	73	74	
34.5																							72	72	73	74	
35.0																							72	72	73	74	
35.5																							72	72	73	74	
36.0																							72	72	73	74	
36.5																							72	72	73	74	
37.0																							72	72	73	74	
38.0																							72	72	73	74	
38.5																							72	72	73	74	
39.0																							72	72	73	74	
39.5																							72	72	73	74	
40.0																							72	72	73	74	

< 72 SIN STRESS	
72-79 LEVE	
80-89 MODERADO	Aumento de la tasa de respiración y salivación. Aumento considerable del consumo de agua, mientras que el consumo de alimentos disminuye. Aumento de la temperatura corporal. Impacto sobre la reproducción.
90-98 SEVERO	Si la temperatura corporal es alta, con excesivo jadeo y salivación, el consumo de alimentos disminuye drásticamente y hay una falta general de confort. Pueden ocurrir efectos graves sobre la reproducción. Si las condiciones continúan, se produce un grave desbalance catabólico con convulsiones, la salud de la vaca puede afectarse severamente, indicando que es necesario hacer ajustes apropiados.
> 98 PELIGRO	

Outra explicación da baixada de produción explicaríase pola hipersensibilidade á insulina que a vaca experimenta co fin de reducir a obtención de enerxía a partir da graxa corporal. Desta maneira tamén diminuíría a calor metabólica. O uso da glucosa por todos os tecidos do corpo fai que a dispoñibilidade de glucosa por parte da glándula mamaria para producir lactosa sexa menor (a lactosa determina a produción).



Nos meses de verán tamén se ven afectados os niveis de graxa e de proteína do leite, asimismo fan aumentar os recontos de células somáticas.

A redución media de produción é de 0.38 kg/°C entre unhas temperaturas medias diarias entre 12,5 e 27,1 °C (compensaríase a merma de produción cun aumento das horas de luz, xa que isto supón un aumento de produción de 1.15 kg por cada hora extra de luz entre o mínimo e o máximo anual).

Estímase unha merma media de 500 kg/lactación por vaca.

2. Reprodutivo

O estrés por calor ten dúas consecuencias para que a vaca quede preñada:

-Por unha banda, os cambios no comportamento da vaca, por exemplo a redución no tempo de

camiñar e os niveis máis baixos de estradiol circulante fan que diminúa a capacidade de detectar os celos. (Podería baixar dun 45% de detección normal ata un 17-18%)

-Por outra banda, hai unha baixada na FERTILIDADE; a fertilidade diminúe porque o estrés por calor pode danar tanto o ovocito coma o embrión formado na primeira fase, máis adiante o embrión xa non é sensible ao estrés calórico (a partir do día 3 xa non lle afecta).



Os cambios hormonais que orixina o estrés por calor -eixo hipotálamo hipofisario con secreción de glucocorticoides- fan diminuír as taxas de concepción debido ao efecto sobre o retraso no desenvolvemento folicular e a ovulación, desenvolvemento do conseguinte corpo lúteo coa consecuencia de produción excasa de proxesterona, desenvolvemento anómalo do embrión....

Estratexias para combater o estrés pola calor

• Estruturais

A orientación da cuadra no eixo norte sur, en zonas elevadas vai favorecer a circulación do aire dentro da mesma. Os teitos altos e as aberturas en cumes e nos laterais van minimizar o estrés; se a maiores se incorporan paneis illantes por debaixo do teito o efecto de confort multiplícase. As

camas de area, aparte das vantaxes hixiénicas, resultan máis confortables que outros materiais que poderían fermentar con máis facilidade.

En Galicia, en explotacións novas, ou vellas adaptadas con bos deseños, orientacións e manexos, dado que os nosos veráns non son excesivamente calurosos, conseguen en moitos casos que o estrés pola calor pase moi desapercibido ou se cinga a uns poucos días ao ano.



En Israel e outros países con condicións climáticas moi adversas o uso de sistemas de VENTILACIÓN FORZADA combinada coa ASPERSIÓN está moi extendido. Nós poderémolos implementar nas nosas cortes cando a zona e as condicións así nolo esixan.

Consideramos importante esta reflexión:

-En primeiro lugar, dicir que a colocación de ventiladores en estabulacións moi pechadas non ten sentido porque o único que facemos é mover o aire quente que temos dentro, e iso non vale para nada máis que para gastar os cartos e, se por riba, é un ventilador ruidoso perdemos en saúde nós e as vacas.

-En segundo lugar, a colocación dos ventiladores debe ser sempre en dúas zonas, ao nivel das camas para que estean cómodas deitadas e outra localización é a nivel do comedero no corredor de recreo, para que estean cómodas mentres



Transporte y Clasificación de residuos industriales



Desinfección, Desratización y Desinsectación industrial



Transporte y Gestión de residuos hospitalarios



Centro gestor de residuos inertes y no peligrosos



Servicios generales de Limpieza y Mantenimiento industrial



Gestión de residuos sólidos y líquidos generados por buques

Gestión integral de residuos industriales

www.toysal.com

CENTRAL VIGO: CAMIÑO DO CARAMUXO Nº65 – 36213 VIGO (PONTEVEDRA) – 986 422 355

DELEGACIÓN CORUÑA : LUGAR DA FRAGA, 92 - CORTIÑÁN - 15319 BERGONDO (A CORUÑA) – 981 778 532

DELEGACIÓN SOMOZAS: LG. MARVÁN-SEIXAS, S/N - 15567 AS SOMOZAS (A CORUÑA) - (981) 417 210

comen, pois pódese dar o caso de que os coloquemos nun sitio onde as vacas se sintan cómodas e as vacas nin coman nin descansan; e iso en vacas de alta produción sería aínda agravar o problema que xa teñen coa calor.

-En terceiro lugar, a ventilación funciona de maneira eficiente cando se fai en combinación coa aspersion (a nebulización con gota moi fina non funciona ben).

-En cuarto e último lugar, dicir que é mellor colocar máis cantidade de ventiladores e pequenos, que moitos e grandes.

O país que máis estudos ten sobre refrescar as vacas no verán é Israel e farei unha pequena reflexión sobre iso por ser os máis avanzados nese sistema. O sistema de arrefriamento máis empregado baséase na combinación de mollar por aspersion ás vacas e facer correr o aire sobre elas mediante a ventilación forzada (ventiladores).



Os cambios hormonais que orixina o estrés por calor fan diminuír as taxas de concepción

Nas probas que fixeron máis recentes comparouse un sistema moderado de arrefriamento (un tempo limitado antes da muxidura) en comparación a un sistema intensivo de arrefriamento (7.5 horas de arrefriamento ao día en 10 sesións de arrefriamento, cada sesión combinaba ciclos de aspersion de medio minuto con ventilación forzada de 4,5 minutos).

Os resultados foron que co arrefriamento intensivo diminúese á metade a baixada da taxa de concepción do verán, baixada de tan só 0,6 kg de leite nas intensivas fronte a 1,6 kg nas arrefriadas

moderadamente ou 3,6 kg/vaca e día nas que non arrefriaban. Ademais dos datos produtivos e reprodutivos, comprobaron que as vacas permanecen máis tempo deitadas e probablemente máis cómodas.

No seu estudo tamén concluíron que sería conveniente tamén refrescar as vacas secas, conseguindo incrementos na lactación dun 6-7% máis de leite.

• Mellora Xenética

Hai razas leiteiras que teñen alta resistencia ao estrés pola calor, aproveitando iso poderíanse facer cruces e, indo aínda máis lonxe, poderíase mellorar a resistencia xenética ao estrés por calor introducindo xenes resistentes doutras razas.

• Protocolos Reprodutivos

Os protocolos de inseminación artificial: presynch, ovsynch, dispositivos con proxesterona... poderían minimizar os efectos da calor no sentido de diminuír os efectos da detección do celo, o que non minimizarían serían os efectos sobre o ovocito e o embrión temperán. Para mellorar os efectos nocivos sobre o embrión e o ovocito poderíamos recorrer á transferencia de embrións, elevando así a taxa de preñez en vacas expostas a estrés pola calor.

• Nutricionais

-Seleccionar forraxes de mellor calidade e ingredientes máis dixestibles (menos produción de calor na dixestión).

-Uso de graxa como fonte de enerxía (menor calor durante a dixestión).

-Uso de menos proteína total e degradable no rume na ración (a súa eliminación gasta enerxía do organismo).

-Utilización de buffers, substancias tampón, minerais, levaduras, etc.

-Poderíamos usar antioxidantes para minimizar as perdas de embrións na primeira fase da xestación. O uso dun suplemento de beta caroteno desde 90 días antes da inseminación parece ser que favorece a preñez en vacas que padecen o estrés pola calor, non demostrándose este efecto no resto das vacas.



-Usar alimentos ben conservados e de bo sabor e olor (dándolle a volta: non usar alimentos con

mal aspecto, mal conservados, fermentados...)

-Engadir conservantes (ac. propiónico) a fin de que proliferen levaduras e se produzan fermentacións e quecemento da comida.

-Cambiar hábitos de alimentación a horas máis frescas e considerar a opción de facer dous carros de comida a primeira hora e trala muxidura da tarde.

-Ter en conta que os requerimentos de AUGA en días calurosos incrementanse entre un 20-50% e a auga debe estar fresca e limpa (fóra do sol e con bebedeiros limpos) e en cantidade axeitada (bebedeiros con recarga rápida e de menor capacidade para que sempre estea fresca), coidado nas vacas amarradas e con bebedeiros con cazoletas con pouca recarga, pois vacas de moita produción e nos días de moita calor poderían ter problemas para inxerir toda a cantidade de auga que precisan.

_ EXCELENTE DISOLUCIÓN
 _ ALTA PALATABILIDAD
 _ ALTO NIVEL DE SEGURIDAD
 _ EXCELENTE DIGESTIBILIDAD
 _ ADECUADAS PARA SISTEMAS DE ALIMENTACIÓN MANUALES Y AUTOMÁTICOS

UNIVET
Leches Maternizadas
 SPRAY TERNEROS / ARRANQUE EXTRA / TERNEROS SELECT / PRIMALAC

FEIRACO,

Sociedade Cooperativa Galega

A cooperativa Feiraco é unha das máis importantes dentro do sector agroalimentario de Galicia, líder no sector lácteo.

Dende a cooperativa recóllese, procésase e comercialízase leite de vaca procedente das explotacións dos seus socios, aos cales se lles garantizan todos os servizos e produtos necesarios para a súa actividade, sempre centrados na creación de valor para o asociado.

Dende hai máis de 40 anos, traballamos para alimentar un xeito de ser baseado en valores como a cooperación, a xenerosidade e o respecto ao medio natural e a nosa contorna.

Na nosa vocación pola calidade dispoñemos dos máis estritos controis de trazabilidade e seguridade alimentaria, sendo unhas das poucas fábricas de penso que dispoñen da norma ISO 9000.

» *Dende hai máis de 40 anos, traballamos para alimentar un xeito de ser*



PRODUTOS AGRICULTURA E GANDEIRÍA

- Fertilizantes
- Sementes
- Forraxes
- Fitosanitarios
- Correctores
- Leites maternizadas
- Produtos de limpeza e muxidura
- Produto de camas

GASÓLEOS E TALLER

Temos a mellor oferta de carburantes con dous puntos de venda en Ponte Maceira e na Picota, e con reparto a domicilio. Tamén contamos cun taller de reparación para os vehículos.

REPARTO A DOMICILIO


TENDAS AGRARIAS

- Produtos alimentación
- Bricolaxe
- Droguería
- Produtos agrogandeiros
- Produtos para xardinería

PENSOS

Producimos unha ampla gama de pensos da máis alta calidade nutricional, e somos especialistas en gando vacún de leite. Garantimos o máis esixente sistema de control de trazabilidade dos nosos pensos.

» *Temos a túa disposición servizos únicos que ningún che ofrece*



PENSOS

¡NOVO!

Xestión Económica – Financeira:

- Xestión de custos de produción.
- Estudos de viabilidade de investimentos.
- Asesoramento Financeiro.
- Convenios con Bancos para financiamento.

Xestión Técnica:

- Medición e control dos datos do rabaño.
- Seguemento e control de condición corporal, coxeiras, benestar animal, ...
- Programación e seguemento de obxectivos.

Alimentación:

- Optimización da alimentación dos animais.
- Programación das necesidades de forraxe.
- Análises de forraxes e de auga.

Reprodución:

- Control reprodutivo.
- Protocolos de inseminación e manexo.

Agronomía:

- Análises de solos.
- Recomendacións de fertilización e encalado.
- Asesoramento sobre cultivos.

Calidade do leite:

- Manexo da muxidura.
- Protocolos de prevencións de mamite.
- Control e posta a punto dos equipos.

Aforro enerxético e enerxías renovables:

- Revisión da factura.
- Negociación conxunta da tarifa.
- Auditorías enerxéticas e recomendacións para aforrar enerxía.

Asesoramento en Instalacións e Subvencións:

- Asesoramento no deseño de instalacións.
- Trámite de subvencións.
- Xestión para a realización de proxectos.

Certificación de explotacións:

- Xestión da documentación.
- Auditorías internas das explotacións.

Asesoría:

- Asesoramento fiscal, contable e laboral
- Prevención de riscos laborais

Seguros:

- Agroseguro
- Seguro de explotacións agro-gandeiras
- Responsabilidade civil
- Seguro maquinaria agrícola, etc...

Formación:

- Curso de Aptitude Empresarial Agraria
- Curso de Manipulador de Produtos Fitosanitarios
- Curso de Benestar Animal nas Explotacións e no Transporte
- Outros cursos e xornadas

Celebración da Xunta Xeral de Feiraco Lácteos S.L.

A sede de Ponte Maceira da Cooperativa acolleu, o pasado 20 de xuño, a Xunta Xeral de Feiraco Lácteos S.L. que, como en edicións anteriores, foi convocada mediante o envío dunha carta por correo certificado a cada un dos socios. A xunta estivo presidida por José S. Montes Pérez, en representación de Feiraco Sdad. Coop. Galega, e nela estivo representado un 70,09% do capital social.

Nova sociedade

Na Xunta Xeral deuse tamén conta dos resultados de Agrupación de Cooperativas Lácteas S.L. (Clesa), da que Feiraco Lácteos é participante nun 23%. Asimismo, informouse aos socios da recente creación da nova sociedade Lácteos Feinar S.L., da que Feiraco Lácteos é socio conxunto con Innotat S.L. cunha participación do 50%. Esta sociedade levou a cabo a firma dun contrato de explotación da planta de queixo Arquega situada en Montosalgueiro (Aranga).

Todos os puntos incluídos na orde do día quedaron aprobados por unanimidade. Ao final da xuntanza, algúns dos socios tomaron a palabra para comentar ou aclarar cuestións relacionadas co sector e coa sociedade.



Socios da Xunta de Lácteos e da Asemblea Xeral

Logo de que se agradecera aos presentes a súa asistencia, tomou a palabra o conselleiro delegado da cooperativa, José Luís Antuña, quen fixo a presentación das contas anuais e detallou o informe de xestión e a aplicación de resultados do exercicio 2013. As contas foron aprobadas por unanimidade.

“

As contas do exercicio de 2013 foron aprobadas por unanimidade

“

Na xuntanza informouse aos socios da recente creación da sociedade Lácteos Feinar S.L.



47ª Asemblea Xeral Ordinaria

Feiraco incrementa en 2013 a súa facturación case un 11%

Feiraco Sociedade Cooperativa Galega registrou no pasado exercicio un récord de vendas cunha facturación de 114 millóns de euros, o que supón un crecemento do 10,8%. Este feito permitiu ao grupo xerar en 2013 un resultado de explotación de 2.971.407 de euros (un 21,5% máis que en 2012), malia que o contexto económico continúa sendo pouco favorable e o Produto Interior Bruto (PIB) español caeu un 1,2% o último ano.

Os principais factores que contribuíron á obtención destas cifras foron a mellora da rendibilidade das explotacións, cada vez máis eficientes, grazas en boa medida á redución dos custos da alimentación do gando e á recuperación dos prezos do mercado leiteiro no segundo semestre do ano.

Estes resultados foron anunciados e aprobados na 47ª Asemblea Ordinaria da Cooperativa, celebrada o pasado 14 de xuño nas instalacións de Feiraco, en Ponte Maceira (Ames), na que se elixiron tamén os novos cargos do seu Consello Reitor, entre eles, o da vicepresidenta, que recaeu en Carmen Rodríguez Rodríguez. Tamén se incorporou como representante dunha das zonas Dorinda Pérez Recarey e, en representación dos traballadores, Javier Valledor Puente.

Durante a Asemblea, o presidente de Feiraco, José Montes, asegurou que "Feiraco afronta o próximo 2015 con gran optimismo nun mercado sen cotas, co Plan de Viabilidade cumprido e elaborará o Plan Estratégico 2015-2020 con dous obxectivos clave: duplicar a facturación e a integración activa dos socios".

Marca láctea líder en Galicia

O Grupo Feiraco conta con máis de medio millón de socios gandeiros e ten en persoal a 208

traballadores. O seu liderado responde tamén ao compromiso dos seus socios co desenvolvemento innovador, a trazabilidade, mellora dos procesos e a produción de leite saudable.



É por iso que Feiraco envasa só leite producido polos socios da Cooperativa, certificada coa Q de calidade e coa marca Galega 100%, un selo que diferencia o leite producido en Galicia, de calidade superior á estándar, a fin de ofrecerlle ao gandeiro e ao consumidor maiores garantías.

Por outra banda, no último ano Feiraco mantivo a súa aposta pola innovación cun investimento total próximo aos 900.000 euros en proxectos de I+D+i. En cooperación con diferentes grupos de investigación de Galicia, España e Europa, sete traballos centraron o capítulo de I+D durante o pasado 2013 e algúns continúan activos neste exercicio.

Xantar de confraternidade





A Fundación Feiraco coas Clases sen Fume

A Fundación Feiraco reiterou un ano máis o seu compromiso co concurso Clases sen Fume convocado pola Consellería de Sanidade, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Así, a Fundación Feiraco patrocinou esta iniciativa coa que se intenta evitar o inicio do consumo do tabaco e atrasar a idade de comezo.

“

Patrocinou esta iniciativa, cuxa entrega de premios tivo lugar o pasado 6 de xuño

Clases sen Fume susténtase no compromiso de todos os alumnos das clases participantes e dos seus educadores por manterse sen fumar durante, polo menos, seis meses. Durante ese período realízanse actividades complementarias como a



elaboración dun lema, a realización dunha actividade física ou artística ou exercicios didácticos, entre outros.

A entrega de galardóns tivo lugar o pasado 6 de xuño nun acto que contou coa participación dos conselleiros de Sanidade, Rocío Mosquera, e Educación, Jesús Vázquez. Xunto a Feiraco, patrocinaron esta nova edición do concurso a empresa Monbús e o Concello de Cerceda.

Letras Galegas con sabor a Feiraco

Un ano máis, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, que este ano estivo dedicado ao poeta lugués Xosé María Díaz Castro, Feiraco activou o seu Concurso de Relatos Breves nas Redes Sociais. O obxectivo desta terceira edición da convocatoria, ao igual que as anteriores, non era outro que animar aos seguidores dos perfís de Feiraco nas redes sociais a celebrar esta festividade escribindo en galego.

A única especificación para participar era comezar o relato incluíndo o título do poema “Nimbos”, “A noite é”, do autor homenaxeado, ao inicio do escrito. A cooperativa seleccionou tres gañadores entre as decenas de relatos que recibiu, aos que

agasallou cun lote de produtos e cunha chave USB de Feiraco. Ademais a cooperativa sorteou outras 15 chaves entre todos os participantes.



Posta en marcha dunha campaña co gallo do San Xoán

A de San Xoán é unha das festas con maior arraigamento e tradición na fachada Atlántica de Galicia. Por iso, Feiraco quixo sumarse á súa celebración coa posta en marcha dunha campaña específica que incluíu deseños para prensa e camisetas e un curso para as redes sociais. O motivo que inspirou procedía de rente da cultura de San Xoán', álbum Nós



Mediante o concurso que se activou no perfil de facebook de Feiraco (www.facebook.com/feiracolacteos), os seguidores da cooperativa puideron comentar como ían celebrar unha das noites máis especiais do ano. Entre todos os participantes, a cooperativa sorteou 20 camisetas coa imaxe que deseñou para conmemorar esta data.



A cooperativa activou un concurso para que os seguidores das redes comentasen como ían festexar a noite do 23 de xuño



La seguridad está de moda

La gama más completa de selladores para pre y post-dipping

Mayor desinfección para el ganado

Todos los principios activos desinfectantes para cubrir cualquier necesidad de higiene:

Ácido láctico

Yodo

Clorhexidina

Dióxido de cloro + ácido láctico

Máxima protección de la piel

Dermoprotectores, hidratantes, suavizantes... y ahora con aceite de Rosa Mosqueta

Adaptabilidad total a sus necesidades

Selladores con efecto frío, repelente de insectos, efecto anti-croqueta, para aplicar en espuma, spray o copa...



Management System:
ISO 9001:2008
ISO 14001:2004
OHSAS 18001:2007
www.tuv.com
ID 9195063495

Ctra. de Prats, 6
08500 VIC (Barcelona)
T. (34) 93 883 23 53
F. (34) 93 883 20 50
alimentaria@proquimia.com



PROQUIMIA
www.proquimia.com

Nenos e maiores dos Tilos visitan Feiraco



O pasado 7 de xuño, un grupo de persoas maiores e de cativos da parroquia dos Tilos-Teo quixo ter unha xornada de vivencia intensa en contacto co mundo rural. Para vivir esta experiencia, o grupo escolleu a nosa cooperativa e comezou cunha visita á explotación da SAT Busto-Corzón, en Mazaricos.



No decurso da visita, ademais de visitar a granxa e estar en contacto coas vacas e becerriños, o grupo puido gozar das explicacións de diversos contacontos que, dunha maneira amena, lles foron descubrindo "De onde vén o leite?". Para ofre-

cer as explicacións, os contacontos aproveitaron a estrutura que Feiraco ten montada na propia explotación gandeira para visitas de escolares.

Transformación e envasado do leite

Pola tarde, os membros do grupo visitaron as instalacións de Feiraco en Ponte Maceira, onde puideron comprobar in situ o proceso de transformación e envasado de leite en brik ademais de coñecer polo miúdo a evolución histórica da cooperativa.

“

Un grupo de persoas deste lugar coñeceu recentemente as instalacións da cooperativa

Resultou una xornada moi intensa na que os nenos disfrutaron moito en relación directa co mundo lácteo que tanto se identifica con Galicia e puideron saborear os nosos produtos lácteos.

Clusaga apoia a internacionalización das súas empresas

O Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) celebrou o pasado 30 de xuño en Santiago de Compostela a súa Asemblea Xeral Anual nun contexto de optimismo marcado polo bo momento que viven as empresas do sector no mapa internacional coa primeira implantación conxunta no exterior (Primex) en China e Estados Unidos, que se suma a misións comerciais realizadas noutros países estratéxicos como Xapón, India, Irlanda ou Suíza.

Cinco eixes claves ata 2015

No marco desta xuntanza anual, clausurada polo conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia, Francisco Conde, o Clusaga avanzou a aplicación do seu Plan Estratéxico 2011-2015, que xira arredor de cinco eixes clave: o impulso da I+D e da capacidade innovadora; a mellora

da produtividade, procesos e sustentabilidade; a mellora da comercialización e acceso a novos mercados; o fomento da cooperación e do traballo en rede; e a dinamización, consolidación e visibilidade do Clúster.



Lantero, crecendo conxuntamente con Feiraco dende os seus inicios

www.lantero.com



 **Lantero Embalaje**
LANTERO GALICIA

Novidades no seguro para explotacións de gando vacún

Unha das características de Galicia é a súa gran tradición gandeira. Así, no exercicio de 2013, esta Comunidade Autónoma continuou sendo o territorio que máis contratou o Seguro de Explotación de Gando Vacún Reprodutor e de Recría, con case 3.900 pólizas que deron cobertura a máis de 265.900 animais.

Trátase dun seguro de gran relevancia para o sector que, ano tras ano, o sitúa como un instrumento clave para garantir as perdas dos animais nas explotacións, tal e como manifestan os mesmos gandeiros. Por iso, Agroseguro e todos os que participan no sistema de seguros continúan traballando para que éstos se adapten cada vez máis as necesidades dos gandeiros.

Novidades

Así, para o exercicio 2014, este seguro incorpora novidades que poden resultar moi vantaxosas para os asegurados:

1. Permite fraccionar a prima do seguro en tres pagos, cando o custo a cargo do tomador sexa alomenos de 600 euros.

2. As explotacións rexistradas nalgunha Indicación Xeográfica Protegida, poderán asegurar os seus animais a un valor maior, coa mesma consideración que as explotacións ecolóxicas.

3. Revisáronse as tarifas para este seguro con reducións que varían en función da garantía, do rexime do manexo e do tipo de animal. Ademais tamén se reduciron as tarifas de saneamento gandeiro e saneamento gandeiro extra ao estrato mínimo para explotacións lácteas.

4. Ás garantías adicionais que xa existían na campaña anterior, inclúese para as opcións A e B, unha nova garantía adicional de "brote de mamite clínica".

5. Para a cobertura de mamite da opción C, inclúense aos animais cun só cuarterón afectado, e as mamites por fungos e levaduras.



Recordamos que o Seguro de Gando de Reprodutores e Recría de Leite e Carne permite ao gandeiro escoller a opción e as garantías adicionais que mellor se adapten ás necesidades e ao risco da súa explotación:

GARANTÍAS BÁSICAS:

Opción A: Cubre a morte e o sacrificio por accidentes, febre aftosa e EEB.

Opción B: OPCIÓN A + morte ou sacrificio necesario por complicacións no parto (e ata 10 días despois). Morte da cría no parto e ata 24 horas despois. Operacións de cesárea e prolapso uterino.

Opción C: OPCIÓN A + OPCIÓN B + sacrificio económico por incontinencia de secreción láctea por un traumatismo, así coma morte ou sacrificio económico por mamite.

Seguros de saúde útiles para os profesionais do sector agrario

Unha das liñas de traballo nas que Ucoga e Feiraco levan tempo traballando consiste en ofrecer aos profesionais do sector agrario produtos aseguradores que lles sexan verdadeiramente útiles, non só para o desempeño da súa actividade profesional, senón tamén para outros ámbitos da súa vida persoal e cotiá. Baixo esta premisa, ambas entidades traballamos para poder ofrecer un seguro de saúde competitivo en prezos e coberturas.

Desde Ucoga, estamos actualmente comercializando un seguro privado coa compañía Asisa, que posibilita o acceso a un amplo cadro médico de todas as especialidades. No dito cadro figuran prestixiosas clínicas e centros en diferentes enclaves xeográficos, aos que o asegurado podería acudir en caso de necesidade.

Os índices de satisfacción da xente que ten contratado un seguro de saúde privado son, xeralmente, moi elevados, tal e como amosa unha enquisa realizada pola OCU. Sobre 1.300 usuarios de seguros de saúde outorgouse un resultado de 7,3 puntos sobre 10 ante un 5,9 sobre 10 que obtivo a sanidade pública.

Por este motivo, a meirande parte dos colectivos profesionais aglutinados en colexios tales como os avogados, os enxeñeiros ou economistas teñen negociado os seus propios seguros de saúde para obter vantaxes na contratación. Aínda que isto parecía algo lonxano para o sector agrario, xa é agora unha realidade: calquera profesional do sector pode acollerse á contratación dun seguro de saúde nunhas condicións moi boas, se o canaliza a través de Feiraco.

ALFALFA DESHIDRATADA DE CALIDAD



www.dycasa.es



D. Y. C. A. S. A.

Feiraco e Clesa xuntas na Feira Internacional Semana Verde de Galicia

Feiraco participou, un ano máis, na Feira Internacional Semana Verde de Galicia, que vai xa pola súa 37 edición, amosando no expositor que ten a cooperativa no recinto feiral, a súa gama de produtos composta por leite Feiraco, batidos, natas e os seus queixos de tetilla, de Arzúa e de barra.



“

As dúas marcas compartiron presenza no stand que a cooperativa tivo na feira, celebrada do 12 ao 15 de xuño en Silleda

Unha cita na que tamén se deu visibilidade aos iogures de Clesa que conta con desnatados e postres como as natillas, o flan de vainilla, o flan de ovo ao forno, a crema bombón ou os petit suisse de fresa. Ademais, a marca deu a coñecer tamén as novas gamas de produto que acaba de lanzar ao mercado entre as que se atopan os bífidos, os bombón, coa crema bombón 0%, a crema bombón sabor capuccino e a crema bombón de doce de leite, a cuaxada e os gregos de sabores.

CAIXÓN DE XASTRE

VÉNDENSE

Autocargador Class 445, Sprint de 38 m³.
En bo estado na zona de Mazaricos.
Tlf.: 630 276 546

Cisterna de xurro de 4.250 l. Cisterna de auga de 2.500 l.
Autocargador de 22 m³. Silo de penso de 4.000 kg.
Tlf.: 699 101 051

GALICAL

CALES E CARBONATOS AGRÍCOLAS



NOVA
MESTURA DE
SERRÍN E
CARBONATO
CÁLCICO PARA
CAMAS DE
VACÚN!



APLICACIÓN DO PRODUTO SOBRE O TERREO

SISTEMAS DE PESAXE PARA UNHA
APLICACIÓN MÁIS PRECISA

Redución da acidez dos solos
Aumento da produtividade das colleitas



- **EMENDA DE CAL VIVO GRANULADO (90 % CaO)**
Alta porcentaxe en calcio. Valor neutralizante: > 90 %
- **EMENDA DE CAL VIVO GRANULADO DOLOMÍTICO (35 % MgO / 60 % CaO)**
Alta porcentaxe de magnesio. Valor neutralizante: 100 %
- **EMENDA DE CAL VIVO (90 % CaO)**
Gran poder de neutralización. Valor neutralizante: > 90 %
- **EMENDA DE CAL APAGADO (75 % CaO)**
Potencia o rendemento agrícola. De fácil asimilación.
Valor neutralizante: > 75 %
- **EMENDA DE CAL APAGADO + DOLOMITA (50 % CaO / 23 % MgO)**
Achega magnesio. Favorece a actividade clorofílica da planta.
Valor neutralizante: > 80 %
- **EMENDA DE CARBONATO CÁLCICO (56 % CaO)**
Para terra e camas hixiénicas. Eficaz na redución de mamites
ambientais e dermatites. Apropiado para a produción de todo tipo de
pensos. Valor neutralizante: 56 %
- **EMENDA DE CALIZA DOLOMÍTICA-GALIMAG (33 % CaO / 17 % MgO)**
Achega magnesio. Valor neutralizante: > 58 %

Presentadas en:

- Sacos de 35 quilos
- Big bag de 1.100 quilos
- Camión cisterna ou camión volquete

Estendidas na propia finca

Transportadas en camiões a
calquera punto de España e
Portugal

GALICAL, S.L.L.

CALES E DOLOMIAS AGRÍCOLAS

Arieiras s/n P.I. Louzaneta
27294 LUGO

Teléfono 982 22.14.84

Fax 982 22.14.08

E-mail: info@galical.es

Web: www.galical.es



Remata a segunda edición de “#Deondevénoite?”

A iniciativa quere que os nenos galegos poidan coñecer o traballo real que se realiza nunha explotación gandeira. SAT BUSTO CORAZÓN abriu desta vez as súas portas para amosar o seu labor diario durante case dous meses, nos que os rapaces visitaron esta granxa parte de Feiraco para coñecer a súa vida e o proceso de elaboración do alimento co que comezan (e moitos deles rematan) o día. “Contaxiáronnos a súa curiosidade e as súas ganas de aprender”.



Novas vidas chegan á granxa

Ao inicio desta edición os cativos viviron o ritmo frenético de traballo: coincidindo cos primeiros días de sol da primavera, tiveron a oportunidade de presenciar o ensilado de herba e a sementeira de millo. A maquinaria agrícola levantou paixóns. Pero se hai algo que sorprende sempre aos máis pequenos son os nacementos. E tamén os houbo! Entre os novos membros chegou Artai, un pequeno tenreiro que naceu durante a visita do Colexio Artai de Carballo; Bergan, en honor aos nenos do CEIP Bergantiños; e Serra, en homenaxe ao Colexio de Serra de Outes. Estamos seguros de que os cativos non esquecerán ese momen-

to. Ademais, tamén puideron ver un cuxiño acabado de nacer e comprobar como se esforzaba por poñerse de pé ata conseguilo. Un proceso de aprendizaxe mutua no que tamén participaron os alumnos do Colexio de Educación Especial Manuel López Navalón de Santiago de Compostela.

“

Acompañaron nesta aventura a Feiraco máis de 1500 alumnos de colexios de toda Galicia

Pero ademais de percorrer a granxa, #Deondevénoite? inclúe actividades para desenvolver a creatividade, a imaxinación e a capacidade de superación. Por exemplo, a través do obradoiro de debuxo, axúdaselles a completar tarefas como debuxar unha vaca seguindo as instrucións do ilustrador. “En Feiraco coidamos que hai que borrar da mente dos máis pequenos barreiras como o ‘non podo’ ou ‘non me sae’ e motivalos para que vexan que, con esforzo, todo se pode conseguir”.



CAMPAÑA DE TALLER E GASÓLEOS



CUBERTAS MICHELIN

195-65-15 91V ENERGY SAVER	70 €
205-55-16 91V ENERGY SAVER	81,50 €
225-45-17 91W PRIMACY 3	117 €

CUBERTAS BFGOODRICH

185-60-14 82H G-GRIP	51 €
175-65-14 82T	47,90 €
235-45-17 94Y G-GRIP	109 €

PREZOS ESPECIAIS en alineado de dirección e cambio de pastillas de freo

Regalo seguro en toda a gama Michelin, BFGoodrich e Tigar	
Ata lamia 14"	3 € nun vale de gas-oil por cuberta
Lamia 15-16"	4 € nun vale de gas-oil por cuberta
Lamia 17" e en diante	5 € nun vale de gas-oil por cuberta

OFERTA VÁLIDA PARA AGOSTO E SETEMBRO 2014



O HERBICIDA DOS PRADOS

O futuro do vacún de leite, a debate en Feiraco

A Consellería de Medio Rural e do Mar e Feiraco, en colaboración con Editorial Agrícola Española, organizaron unha xornada para analizar a situación do sector lácteo galego e as súas perspectivas tras a eliminación das cotas. Baixo o título “Rentabilidade e Futuro do Gando de Vacún de leite en Galicia”, expertos do sector citáronse na sede de Feiraco -en Ponte Maceira, Ames (A Coruña)- analizando cada medio de produción, a situación dos mercados e as estratexias para mellorar a rendibilidade das explotacións.



A xornada foi inaugurada pola directora xeral de Produción Agropecuaria da Xunta, Patricia Ulloa, que recordou que “están ante un sector que en Galicia é responsable, maduro e produce leite de calidade; polo que entre todos temos que conseguir que a desaparición das cotas se converta nunha oportunidade, en lugar de velo como problema”. Pola súa banda, José Luis Antuña, director xeral de Feiraco, explicou que “estamos traballando nun proceso de mellora continua que nos ten especialmente satisfeitos, convertendo a Feiraco nunha cooperativa competitiva que presta servizos aos seus socios para que sexan máis eficientes e rendibles”.

O encontro dividiuse en tres sesións onde tamén se analizaron os medios de produción e os parámetros económicos que conforman a realidade do sector. E presentáronse novidades técnicas e servizos para axudar aos gandeiros a sacar a máxima rendibilidade e conseguir explotacións cada día máis competitivas. O responsable do negocio agrario de Reale Seguros, Jaime Gómez; e Javier Vello, de Tecnivet Nutrición e Servizos Veterinarios S.L, explicaron diferentes alternativas aos medios de produción utilizados tradicionalmente nas explotacións e a situación do mercado.

“

A desaparición da cota láctea en 2015 supón afrontar retos, pero tamén abre oportunidades

O director xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Fernando Miranda Sotillos, foi o encargado de clausurar a xornada destacando que “a desaparición da cota láctea aínda que supoña afrontar retos, tamén debe ofrecer oportunidades. A importante reestruturación experimentada e os elementos de apoio cos que hoxe contamos poden reducir en boa parte as incertezas”. E engadiu: “vanse utilizar todas as medidas posibles para minimizar o efecto da aplicación da nova PAC”.

O acto tamén contou coa presenza da asesora técnica de Elanco Valquímica, Cristina Andreu; e do especialista de produto de Massey Ferguson do Grupo Agco, Daniel Díaz.



LAS SOLUCIONES MÁS RENTABLES PARA LOS SECTORES AGRÍCOLA Y GANADERO

Los equipos Caterpillar para trabajos agrícolas y ganaderos, ofrecen la tecnología más avanzada para obtener las mayores prestaciones con los menos consumos de combustible.

- Manipuladoras Telescópicas, Palas Cargadoras, Minis, Excavadoras, Retropalas, Máquinas Forestales, etc.
- Motores y Sistemas Generadores de energía.
- Especialistas en Maquinaria Usada, con equipos garantizados y certificados.
- Gran referencia en el Sector del Alquiler.
- Amplia Red logística y de distribución de repuestos, conectado a la red mundial de Caterpillar.
- Productos y Servicios Postventa adaptados a cada necesidad, para proporcionar la máxima rentabilidad de su equipo.

BUILT FOR IT

Atención al Cliente: 901 13 00 13
www.barloworld.finanzauto.es



Barloworld
Finanzauto





Desfruta do San Xoán!

FEIRACO 

Alimentando un xeito de ser